

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 27 DE MARZO DE 2008. NÚM. 4 /2008.-

Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS.

CONCELLEIROS:

D. CAMILO GONZÁLEZ BODAÑO. (P.P.)
D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ. (P.P.)
D^a.M^a. FÉ CORTIZO MATO. (P.P.)
D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ. (P.P.)
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ. (P.P.)
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ. (P.P.)
D. NICOLÁS VARELA GARCÍA. (P.P.)
D. JOSÉ ANTONIO GONZÁLEZ GONZÁLEZ. (P.P.)
D^a.NURIA RODRÍGUEZ CARRAL (P.P.)
D^a.MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY. (P.P.)
D. JOSÉ MANUEL BREA BLANCO. (P.P.)
D^a. MARÍA PILAR LÓPEZ CARRÓN. (P.P.)
D. MANUEL MARÍA GONZÁLEZ ALLER. (PSdeG- PSOE)
D^a. MARTA LÁZARA FONTAO. (PSdeG-PSOE)
D. FRANCISCO PÉREZ DONSIÓN. (PSdeG-PSOE)
D^a.BEATRIZ GARCÍA IGLESIAS. (PSdeG-PSOE)
D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA. (BNG)
D^a.SUSANA RODRÍGUEZ CAMBÓN. (BNG)
D^a.GUADALUPE NÓVOA CARBALLUDE. (BNG)

SECRETARIO XERAL: D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

INTERVENTORA: D^a. MARTA OVIEDO CREO.

AUSENTES: D. MANUEL MIGUÉLEZ MONTOTO.

ÍNDICE

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.....	páx.3
2.- Decretos da Alcaldía: dación de conta.....	páx.4
3.- Expediente de crédito extraordinario 1P/2008.....	páx.6
4.- Expediente de crédito extraordinario 2P/2008.....	páx. 8
5.- Expediente de Estudo de Detalle da AR-26.....	páx. 9
6.- Proposta do Sr. Concelleiro Delegado de Urbanismo para o cambio de categoría do equipamento comunitario de dúas parcelas.....	páx. 11
7.-Mocións do grupo de goberno.	
7.1.-Moción do P.P relativa á declaración do Concello de Lalín como zona libre de transxénicos.....	páx. 13
7.2.-Moción do P.P. relativa á designación pola Subdelegación do Goberno de persoas con recoñecida competencia na realización de labores do cómputo electoral.....	páx. 17
7.3.-Moción do P.P relativa á solicitude á Consellería de Política Territorial de medidas de seguridade na estrada PO-534 ao seu paso por Donramiro.....	páx. 21
8.-Mocións do PSdeG-PSOE.	
8.1.Moción do PSdeG-PSOE solicitando que se dote de conexións á rede de saneamento na parroquia de Lebozán.....	páx. 23
8.2.-Moción do PSdeG-PSOE solicitando que se dote dunha capa de rodadura o camiño que comunica a parroquia de Alemparte coa estrada Lalín-Rodeiro.....	páx. 25
8.3.-Moción do PSdeG-PSOE solicitando un ascensor para o Museo Ramón Aller.....	páx. 26
9.- Mocións do BNG	
9.1.- Moción do BNG para completar o servizo de sumidoiros na parroquia de Moneixas.....	páx. 27
9.2.- Moción do BNG relativa á melloras e amaño do cemiterio vello.....	páx. 29
9.3. Moción do BNG relativa ao acondicionamento urbano da rúa do Areal	páx. 30
9.4.--Moción do BNG relativa á creación dunha ludoteca municipal.....	páx..32
10.- Rogos e preguntas.....	páx. 34

Sendo as dez horas do día 27 de marzo de 2008, xoves, xuntáronse no salón de actos do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. Xosé Crespo Iglesias, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebraren a sesión ordinaria convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a orde do día, o expediente púxose a súa disposición e cumpríronse todas as determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Presidente **D. Xosé Crespo Iglesias** e asiste actuando como Secretario Xeral D. César López Arribas.

D. Manuel Miguélez Montoto non asistiu á sesión por razóns de saúde.

D. José Antonio González González incorporouse no punto 7.1. da orde do día. Están presentes dezanove concelleiros ó comezo da sesión.

De orde do Sr. Presidente e seguindo as súas instrucións entrouse no estudo e deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

Deuse conta pola Presidencia da acta da sesión ordinaria de 28 de febreiro de 2008. De seguido o Sr. Presidente preguntou aos asistentes se tiñan algunha observación que faceren á mesma.

Salientou **D^a. Marta Lázara Fontao** que na páxina 16 no punto 6.1. a data da moción é 15-2-2008 e non 150-2-2008 como figura; tamén nesa mesma páxina e no punto da acta na intervención de *D. Xosé Crespo Iglesias* donde figura Sra. Consellería segundo e terceiro parágrafo ten que figurar *Sra. Conselleira*.

D. Manuel María González Aller pediu que se grabasen as sesións plenarias, porque coidaba que as súas intervencións non estaban ben recollidas, citando como exemplo, un dos que viu que, era a súa intervención primeira no punto 6.2. páxina 19. sobre o que se gastou na obra que non reflectía o que dixo.

O Sr. Secretario admitiu corrixir o seguinte texto da súa intervención:

-a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes investiu 2.310.551 euros nesta obra. Esta Consellería tiña que tela rematada o 31-12-2007 e non o puido cumprir porque non tiña nesa data os terreos afectados necesarios. A razón fundamental de non poderse realizar en prazo a obra foi que o Concello de Lalín non cumpriu as súas obrigas asumidas e non puxo a disposición desta consellería os terreos afectados polas obras.

Logo segue...O dito polo voceiro popular non era verdade.

Finalmente onde dí: "por incomodidade cos veciños", refírese a "problemas cos veciños".

Con estas correccións, por **UNANIMIDADE** dos asistentes aprobouse a dita acta correspondente á sesión ordinaria do día 28 de febreiro de 2008, ordenándose a súa transcripción ó Libro de Actas.

2.- DECRETOS DA ALCALDÍA: DACIÓN DE CONTA.

Dáse conta das seguintes resolucións ditadas pola Alcaldía desde a última relación comunicada a este órgano:

1.- Decreto da Alcaldía de 26 de febreiro de 2008 polo que se acorda a transferencia de **36.000,00 €** ao Organismo Autónomo de carácter administrativo “Padroado Cultural de Lalín”.

2.- Decreto da Alcaldía de 26 de febreiro de 2008, polo que se aproba a factura nº 0030171125 a nome de **REPSOL BUTANO S.A.** en concepto de aluguer dos depósitos das piscinas municipais no mes febreiro, por importe de **95,42 €**

3.- Decreto da Alcaldía de 28 de febreiro de 2008, polo que se aproba a factura nº 06E089910000124664 a nome de **BBVA RENTING, S.A.** en concepto de renting centralita do Concello no mes de febreiro, por importe **298,02 €**

4.- Decreto da Alcaldía de 4 de marzo de 2008 polo que se aproba a factura nº 73710800020816 a nome de **DE LAGE LANDEN INT.** en concepto de renting fotocopiadoras das oficinas municipais do mes de marzo, por importe de **648,09 €**

5.- Decreto da Alcaldía de 4 de marzo de 2008 polo que se acorda conceder a D. Juan Carlos Ortega Rendon, con DNI nº 43.512.587-Z, unha axuda de emerxencia social por importe de **30 €**

6.- Decreto da Alcaldía de 10 de marzo de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D^a. María Brea Mella por gastos de manutención e locomoción na realización de comisións de servizo, polos importes de **18,70 € e 32,30 €** respectivamente.

7.- Decreto da Alcaldía de 10 de marzo de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D. César López Arribas por gastos de locomoción na realización de comisións de servizo, por importe **34,20 €**

8.- Decreto da Alcaldía de 10 de marzo de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D^a. María Dolores García Fernández por gastos de manutención e locomoción na realización de comisións de servizo, por importe **14,10 € e 39,90 €** respectivamente.

9.- Decreto da Alcaldía de 10 de marzo de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D. Jorge García Fernández por gastos de manutención e locomoción na realización de comisións de servizo, polos importes de **18,70 € e 32,30 €** respectivamente.

10.- Decreto da Alcaldía de 10 de marzo de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D. Francisco Guerra García por gastos de manutención e locomoción na realización de comisións de servizo, polos importes de **18,70 € e 32,30 €** respectivamente.

11.- Decreto da Alcaldía de 10 de marzo de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D. José Manuel Méndez García por gastos de locomoción na realización de comisións de servizo, por importe de **60,80 €**

12.- Decreto da Alcaldía de 10 de marzo de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D. Manuel Gómez Estévez por gastos de manutención e locomoción na realización de comisións de servizo, polos importes de **26,67 € e 38,30 €**, respectivamente.

13.- Decreto da Alcaldía de 10 de marzo de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D^a. María Pérez Seoane por gastos de manutención e locomoción na realización de comisións de servizo, polos importes de **18,70 € e 32,30 €**, respectivamente.

14.- Decreto da Alcaldía de 11 de marzo de 2008, polo que se aproban as liquidacións da **taxa por ocupación de terreos de uso público municipal** con mercadorías, materiais de construción, refugallos, valados, puntais, ansillas, andamios e outras instalación, correspondentes ao mes de febreiro de 2008, por importe de **3.137,57 €**

15.- Decreto da Alcaldía de 11 de marzo de 2008, polo que se aproba a factura nº D101688 a nome da **XUNTA DE GALICIA DOGA** en concepto de anuncio DOGA Plano Sectorización Canteras Arenal, por importe de **403,18 €**

16.- Decreto da Alcaldía de 11 de marzo de 2008, polo que se aproba a factura a nome da **DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA** en concepto de anuncio BOP Plano Sectorización Canteras Arenal, por importe de **2.840,40 €**

17.- Decreto da Alcaldía de 12 de marzo de 2008, polo que se aproba a liquidación da taxa por tendidos, tubarías e galerías para conducións de enerxía eléctrica, gas, etc. sobre vías públicas ou outros terreos de dominio público municipal correspondente ó 4º trimestre do ano 2008 por importe de **1.755,29 €** a repercutir sobre **ENDESA ENERGÍA**.

18.- Decreto da Alcaldía de 12 de marzo de 2008, polo cal que aproba a liquidación da taxa por tendidos, tubarías e galerías para conducións de enerxía eléctrica, gas, etc. sobre vías públicas ou outros terreos de dominio público municipal correspondente ó período do ano 2007 por importe de **1.733,60 €** a repercutir sobre **R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA S.A.**

19.- Decreto da Alcaldía de 12 de marzo de 2008, polo que se aproba a liquidación da taxa por tendidos, tubarías e galerías para conducións de enerxía eléctrica, gas, etc. sobre vías públicas ou outros terreos de dominio público municipal correspondente ó período do ano 2007 por importe de **171,26 €** a repercutir sobre **HIDROELECTRICA DEL ARNEGO S.L.**

20.- Decreto da Alcaldía de 12 de marzo de 2008, polo que se aproba a liquidación da taxa por tendidos, tuberías e galerías para conducións de enerxía eléctrica, gas, etc. sobre vías públicas ou outros terreos de dominio público municipal correspondente ó período do ano 2007 por importe de **10.134,75 €** a repercutir sobre **REPSOL BUTANO S.A.**

21.- Decreto da Alcaldía de 12 de marzo de 2008, polo que se aproba a liquidación da taxa por tendidos, tuberías e galerías para conducións de enerxía eléctrica, gas, etc. sobre vías públicas ou outros terreos de dominio público municipal correspondente ó período do ano 2007 por importe de **120,00 €** a repercutir sobre **CABLEUROPA S.A.U.**

22.- Decreto da Alcaldía de 13 de marzo de 2008 polo que se recoñece a obriga de **226,40 €** a AUTOPISTA CENTRAL GALLEGA, C.E.S.A. (ACEGA) e **9,85 €** para AUTOPISTAS DEL ATLÁNTICO (AUDASA) correspondente ao recibo do OBE polo telepeaxe do período de febreiro de 2008.

23.- Decreto da Alcaldía de 17 de marzo de 2008, polo que se aproba o gasto de indemnización a percibir por D^a. Elena Urrestarazu Ucin por gastos de manutención e locomoción na realización de tarefas de colaboración, por importe de **44,89 €**

24.- Decreto da Alcaldía de 17 de marzo de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custe e indemnizacións a percibir por D. Nicolas Varela García por gastos de manutención e locomoción na realización de comisións de servizo, por importe de **244,59 €**

25.- Decreto da Alcaldía de 17 de marzo de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custe e indemnizacións a percibir por D. Nicolás Varela García por gastos de manutención e locomoción na realización de comisións de servizo, polos importes de **53,34 € e 58,90 €**, respectivamente.

26.- Decreto da Alcaldía de 17 de marzo de 2008, polo que se aproba o expediente de modificación de créditos número 8-G/2008, modalidade “xeración de crédito”, por importe de **2.400,00 €**

O Concello Pleno quedou enterado.

3.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA: CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº 1-P/2008.-

Deuse conta pola Presidencia deste expediente. A continuación o Sr. Secretario leu o ditame favorable da Comisión Informativa de Economía e Patrimonio do día 24 de marzo de 2008.

Brevemente o edil delegado de facenda, **D. Manuel Gómez Estévez**, explicou que se trataba de aumentar a dotación para o servizo de atención a domicilio, mediante un trasvase dos gastos correntes previstos a partidas de gastos de investimento.

Desde a oposición socialista, **D. Manuel María González Aller** indicou que estaba dacordo co tema e o cambio proposto. Non obstante engadiu que no orzamento aprobado para este exercicio económico non se modificou nada no que respectaba á dotación económica respecto á existente no exercicio 2007, e agora se traían estes cambios. Finalmente esperaba que estes cambios non xeren cambios en partidas nin no número de persoas que reciben o servizo nin nos fins e condicións do mesmo.

Desde a formación nacionalista, **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** indicou que estaba de acordo, se ben criticou o carácter flexible do orzamento aprobado que varía segundo a acción e dirección que se lle quera dar en cada momento polo grupo de goberno.

Rematou o debate o Sr. Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias** indicando que aínda que non se diga e se presuma delo, o departamento de servizos sociais deste Concello era o mellor de toda Galicia. Dixo estar disposto, se se pide, a realizar unha comparación entre este departamento coa organización e o funcionamento doutro departamento ou área de calquera doutro Concello, xa que pode superar calquera comparación que se faga ao respecto.

Sometida a votación ordinaria por **UNANIMIDADE** dos asistentes aprobouse a proposta do expediente e adoptouse o seguinte acordo:

Incoado o expediente de Crédito Extraordinario número 1-P/2008 a financiar mediante a baixa de crédito doutra partida non comprometida, cunha dotación que se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo, e ante a urxente e inaprazable necesidade de realizar os gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte sen mingua dos intereses deste Concello, co obxecto de dotar de crédito para levar a cabo o proxecto de camas articuladas e de comedor sobre rodas para o que é preciso a adquisición do equipamento necesario.

Xa que logo o Concello Pleno acordou:

Primeiro.- Aproba-la modificación orzamentaria, consistente nun Crédito Extraordinario, financiado mediante a baixa de crédito doutra partida non comprometida, cunha dotación que se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo, de acordo co seguinte detalle:

1.- Partida do Presuposto de Gastos á que se dota de Crédito Extraordinario:

<u>PARTIDA</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
313.625	Equipamento servizo de axuda no fogar Para camas artic. e serv. comida.	27.432,69 €
	TOTAL ALTA	27.432,69 €

2.- Medios ou recursos que van financia-la modificación de crédito:

A baixa de crédito da seguinte partida do Presuposto vixente non comprometida, cunha dotación que se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo:

<u>PARTIDA</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
313.226.12	Servizo de Axuda no Fogar	27.432,69 €
	TOTAL BAIXA	27.432,69 €

Sendo coincidentes os importes da modificación de crédito proposta e o recurso que vai a ser utilizado para o seu financiamento, de xeito concreto a baixa de crédito doutra partida,

consérvase o equilibrio orzamentario, de conformidade co artigo 16.2 do Real Decreto 500/90 do 20 de abril.

Segundo.- Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó publico polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, prazo no que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación de créditos considérase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentasen reclamacións.

4.-EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA: CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº 2-P/2008.-

Deuse conta pola Presidencia deste expediente. A continuación o Sr. Secretario leu o ditame favorable da Comisión Informativa de Economía e Patrimonio do día 24 de marzo de 2008.

Tamén neste caso o edil de facenda e patrimonio, **D. Manuel Gómez Estévez** deu unhas breves explicacións sobre o obxecto do expediente.

Desde o grupo socialista, **D. Manuel María González Aller** estaba tamén de acordo co fin do expediente de modificación de créditos, e co importe que había que prever na partida.

Finalmente, **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** tamén adiantou o voto favorable do seu grupo.

Sometida a votación ordinaria a man alzada por **UNANIMIDADE** dos asistentes aprobouse a proposta do expediente e adoptouse o seguinte acordo:

Incoado o expediente de Crédito Extraordinario número 2-P/2008 a financiar mediante a baixa de crédito doutra partida non comprometida, cunha dotación que se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo, e ante a urxente e inaprazable necesidade de realizar os gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte sen mingúa dos intereses deste Concello, co obxecto de dotar de crédito para a realización dos traballos de reforma e modificación da gardería municipal de Lalín, sin os que o servizo non se podería seguir prestando adecuadamente.

En consecuencia o Pleno da Corporación acordou:

Primeiro.- Aproba-la modificación presupostaria, consistente nun Crédito Extraordinario, financiado mediante a baixa de crédito doutra partida non comprometida,

cunha dotación que se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo, de acordo co seguinte detalle :

1.- Partida do Presuposto de Gastos á que se dota de Crédito Extraordinario:

<u>PARTIDA</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
422.62242	Reparación Gardería Municipal Lalín	6.790,70 €
	TOTAL ALTA	6.790,70€

2.- Medios ou recursos que van financia-la modificación de crédito:

A baixa de crédito da seguinte partida do Presuposto vixente non comprometida, cunha dotación que se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo:

<u>PARTIDA</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
314.16000	Seguridade Social	6.790,70 €
	TOTAL BAIXA	6.790,70 €

Sendo coincidentes os importes da modificación de crédito proposta e o recurso que vai ser utilizado para o seu financiamento, de xeito concreto a baixa de crédito doutra partida, consérvase o equilibrio orzamentario, de conformidade co artigo 16.2 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril.

Segundo.- Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó publico polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

5.- EXPEDIENTE DO ESTUDO DE DETALLE DA ÁREA DE REPARTO AR-26.-

A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta do edil delegado de urbanismo que conta co ditame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Vivenda e Medio Ambiente do día 24 de marzo de 2008, que leu o Sr. Secretario.

Na rolda de voceiros houbo as seguintes intervencións:

D. Román Rodríguez González, polo grupo de goberno, explicou que se trataba de aprobar definitivamente a regulación na AR-26 e logo no proxecto de urbanización contemplar

xa o acceso dos vehículos e os equipamentos da escalinata da Igrexa, resolvéndose entón os problemas coas raxantes, e xerándose con elo un espazo libre importante para o Concello. Aínda así había tamén un baixo a recibir polo Concello importante para futuros servizos a dispor no centro da vila.

Desde o grupo socialista, **D. Francisco Pérez Donsión** amosouse a favor do expediente, se ben en relación co apartado segundo preguntou se non podía aprobarse dito Estudo de Detalle condicionado a que o proxecto de urbanización se presentase tal e como se dicía no mesmo.

O Sr. Secretario indicou que o planeamento, xeral ou de desenvolvemento, non se podía aprobar condicionadamente, porque as normas se aprobaban e entraban en vigor cos requisitos legalmente esixibles e polo tanto non podía accederse ao que se sinalou previamente.

Finalmente, desde o grupo nacionalista, **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** fixo a reflexión de traer agora precisamente para aprobar este Estudo de Detalle. Sobre o tema non había moito máis debate. Pero o importante era falar do dez por cento que recibía o Concello na xestión urbanística, ademais do baixo, para monetarizalo como facía o grupo de goberno, ó igual que se facía con todo o que se recibía dos procesos de urbanización, e pediu que, no caso de facerse, o prezo fora digno e que non se regalase.

De seguido pasouse á votación ordinaria, a man alzada, da proposta que constaba no expediente e **aprobase por UNANIMIDADE dos asistentes**, adoptándose o seguinte acordo, en base aos seguintes antecedentes:

Tendo en conta que neste Concello estase a tramitar un Estudo de Detalle da AR-26 do PXOM de Lalín, a instancia da Xunta de Compensación de dita AR-26, redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos D. Juan Rico Lenza e con data visado do colexio oficial, CECCP de 3-1-2008.

Dito Estudo de Detalle aprobouse inicialmente pola Xunta de Goberno Local en data 22 de xaneiro de 2008 e espúxose ao público. Nesta fase de exposición non houbo ningunha alegación. Non obstante con data de 22 de febreiro de 2008, o arquitecto e asesor urbanístico municipal **D. Javier Bugallo Thielen** emitiu un informe propoñendo a incorporación dalgunhas determinacións na aprobación definitiva do mesmo. En concreto propón a integración dos espazos libres resultantes coa Praza da Vila para procurar a súa ampliación, favorecendo a conexión e a accesibilidade peonil aos ditos espazos, así como a reordenación da rampa proposta no Estudo de Detalle para evitar a fragmentación de ditos espazos peonís. Despois de manter conversas cos promotores do Estudo de Detalle achegouse a un consenso con eles nas determinacións propostas no referido informe técnico.

Por todo elo o Concello Pleno acordou:

PRIMEIRO.- APROBAR DEFINITIVAMENTE O ESTUDO DE DETALLE de alineacións, rasantes e ordenación de volumes de data de agosto de 2007 promovido pola Xunta de Compensación da AR-26 do PXOM de Lalín, redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos D. Juan Rico Lenza, nº de visado 24409 do Colexio de Enxeñeiros Camiños,

Canles e Portos de Galicia e con data de 3-1-2008, procedéndose á publicación do acordo e a realizar os demais trámites oportunos.

SEGUNDO.- Indicar aos promotores, Xunta de Compensación da AR-26, que no Proxecto de Urbanización deberase contemplar o acceso e a saída dos vehículos ao servizo das novas edificacións propostas polo Estudo de Detalle pola rúa Luis González Taboada, dacordo sempre coas determinacións e instrucións que a Concellería Delegada de Tráfico estableza ao efecto, e as escalinatas e as rampas deberán adecuarse ás indicacións que o Concelleiro Delegado de Urbanismo dite ao efecto.

6.- PROPOSTA DO SR. CONCELEIRO DELEGADO DE URBANISMO RELATIVA AO CAMBIO DE CATEGORÍA DE EQUIPAMENTO COMUNITARIO DE DÚAS PARCELAS MUNICIPAIS.-

Deuse conta pola Presidencia desta proposta do edil delegado de urbanismo. A continuación o Sr. Secretario leu o ditame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Vivenda e Medio Ambiente do día 24 de marzo de 2008.

Brevemente, **D. Román Rodríguez González** explicou o que se pretendía era poñer a disposición da Consellería do Medio Rural uns terreos para que este organismo constrúa neles as instalacións comarcais desta consellería. Houbo un convenio, en virtude do mesmo, a cambio da cesión, o Concello obtería uns locais para equipamentos. En suma era un convenio proveitoso para as dúas partes.

Desde o grupo socialista, **D. Manuel María González Aller** dixo estar de acordo, pero preguntou pola cláusula 2ª á Secretaría, que establecía uns prazos.

O funcionario en cuestión manifestou que en todos os convenios ou contratos había que facer constar un prazo de cumprimento dos dereitos e obrigas. Neste caso de común acordo entre as dúas partes, estableceuse o que figuraba no documento.

A continuación entrevistou o Sr. Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias** para indicar que, no tema do Colexio Público Xesús Golmar, o Concello tamén asinou un convenio coa Xunta de Galicia. Non hai un só goberno que nuns días teña os terreos inmediatamente dispostos para calquera investimento cando se lle pida, como era o caso do Concello de Lalín.

Desde o BNG, **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** destacou a importancia dos servizos que a Consellería prestaba nesta comarca e dos medios de que dispuña, entre eles, os servizos de reténs de intervencións, a forestal, os de extensión agraria e demais dependencias da Consellería. A Consellería do Medio Rural actúa dun xeito responsable neste caso, e por iso estaba disposta a ceder parte do que se constrúa e a investir para este fin. Era importante o sitio elixido para esta instalación. Lembrou que este tema se iniciou cando veu o Delegado Provincial da Consellería do Medio Rural a Lalín con boas novas para este municipio. Tamén quería destacar que, neste asunto, se notaba a sensibilidade do Concello porque colaboraba poñendo a disposición un terreo axeitado para os fins da iniciativa. Por último adiantou que coidaba que este edificio estaría construído xa o ano que ven, e que seguramente sería un edificio de referencia.

Finalmente, **D. Xosé Crespo Iglesias** resaltou a vontade municipal de colaborar con esta iniciativa e que os feitos amosaban a cooperación institucional leal que había entre este Concello e algunhas das Consellerías da Xunta de Galicia. Con esta obra, reafirmárase que esta zona era importante dende o punto de visto agrogandeiro na parte norte de Pontevedra. Co edificio construído, centralizaríanse os servizos en Lalín, como a capital administrativa do norte de Pontevedra.

Sobre as dependencias que serían entregadas ao Concello a cambio da cesión das parcelas e os servizos que puideran instalarse alí, afirmou que polo de agora non podía contestar a esta cuestión, con máis precisión que a recollida no protocolo de colaboración. .

Finalmente fixo un chamamento a outras consellerías da Xunta de Galicia, para que tomen nota e actúen dun xeito similar á Consellería do Medio Rural. Por exemplo citou á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza que lle fixo unha oferta para comprar un baixo, e el ofertoulle gratis o solar situado ao lado da parcela dos Xulgados que é propiedade municipal. A día de hoxe neste tema, e a pesar da vontade municipal favorable, non había resposta algunha oficial ou extraoficial.

A posibilidade de ofertar solares municipais reflectía a boa disposición municipal para colaborar e poder instalar alí servizos, pero tamén amosaba o feito da boa xestión municipal que levou a conseguir solo e solares a través da xestión urbanística do PXOM. Tras felicitar-se da decisión, e do que apareceu na prensa, rematou afirmando que este expediente amosaba unha boa expresión da leal colaboración institucional que debe existir entre as administracións públicas e non de especulación por parte de calquera dos organismos intervinientes .

Sometida a votación ordinaria a man alzada a proposta, por **UNANIMIDADE** dos asistentes aprobouse a mesma, e con base nos seguintes antecedentes:

Con data de 5 de marzo de 2008, formalizouse un PROTOCOLO DE COLABORACIÓN, entre este Concello de Lalín e a Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia para a construción dun Edificio de Servizos Integrados do Medio Rural en Lalín, e unificar así todos os servizos na comarca de Deza desta Consellería.

O Concello comprometeuse a ceder á Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Patrimonio, as parcelas da súa propiedade EQ-24a e EQ-24b, que foron algunhas das parcelas que se lle adjudicaron ao Concello no Proxecto de Compensación do Plan Parcial SUE-4, "Carretera de Lugo", a cambio das contraprestacións que figuran no protocolo asinado.

Tendo en conta que estas parcelas están cualificadas desde o punto de vista urbanístico do PXOM para outros usos, en concreto a parcela EQ-24a, figura para Equipamento Deportivo e a EQ-24b como Equipamento Social, cumpre, como un trámite necesario e esencial, adoptar os acordos precisos para que se poidan destinar ditas parcelas á construción dun edificio e demais instalacións administrativas e de servizos integrados, de Extensión Agraria, Servizo de Extinción e Prevención de Incendios Forestais, e Servizo Veterinario.

Cúmplese o disposto no art. 37.10 do Capítulo XI do Libro Primeiro do PXOM de Lalín de 1999 e no artigo 47.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Xa que logo, o Pleno deste Concello acordou:

PRIMEIRO.- Modificar o uso urbanístico e a categoría das parcelas EQ-24a de Equipamento Deportivo e a parcela EQ-24b de Equipamento Social, do ámbito do SUE-4 de Lalín ao uso e a categoría de **Administración Pública e/ou Servizos Públicos.**

SEGUNDO.- Proceder a realizar os trámites restantes previstos na normativa vixente.

7.- MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO.-

7.1.- MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO PROPOÑENDO A DECLARACIÓN DO CONCELLO DE LALÍN COMO ZONA LIBRE DE TRANSXÉNICOS.-

Deuse conta pola Presidencia desta moción do Sr. Alcalde de data 4 de marzo de 2008, con entrada municipal do mesmo día e nº de rexistro 1255. A continuación o Sr. Secretario leu o ditame favorable da Comisión Informativa do Rural e Actividade Agraria do día 24 de marzo de 2008.

En defensa da moción, o máximo mandatario, ***D. Xosé Crespo Iglesias***, indicou que había uns criterios da Unión Europea para realizar experimentos transxénicos. En principio a competencia correspondía á Administración Central, ao Ministerio de Agricultura, porque non estaba transferida ás Administracións Autonómicas. O problema estribaba en que non se sabe aínda hoxe onde chega o mal por esta clase de actuacións. “Galicia pode ter problemas nun futuro inmediato, porque aquí non hai latifundios, e o futuro de Galicia pasa por producir alimentos de certa calidade”, afirmou. Coidaba que Galicia debía quedar libre desta clase de actuacións. Lalín non era o municipio de *Lepe* (Huelva), que producía moita fresa, nin tampouco era Castela, coa produción ampla de cereais. En Galicia, con producións pequenas, había que protexer os produtos que se elaboraban e sobre todo aqueles que contaban con denominación de orixe, por ter unha certa calidade e debía quedar libre desta clase de cultivos e experimentos. “*A comida de hoxe, é fame para mañá*”, dixo.

Tocoulle o turno ao representante socialista. ***D. Manuel María González Aller*** indicou que na moción había partes positivas, e outras menos acertadas, porque de apoiala, podía conducir a solicitar tamén un rexeitamento a toda clase de intervención ou de alteración xenética, algo co que non estaba dacordo. Esta clase de actuacións levaban xa séculos realizándose con animais e con vexetais, e fíxose ata agora con bo criterio e nun momento determinado, por exemplo para algunhas especies en perigo de extinción ou con enfermidades ou perigos.

Nun principio a esta clase de prácticas opuxéronse de entrada grupos relixiosos radicais, co tema de que “*se alteraba a obra de Deus*”; despois os grupos vexetarianos extremos (que denunciaban que se alteraba os xenes das plantas). Pero tamén estaba claro que a través destas prácticas conseguíronse algúns beneficios e podíanse contar.

Discrepaba co espírito da moción na que se rexeitaba frontalmente esta clase de prácticas. Hoxe había avances nas vacinas e nos medicamentos, loitouse contra as pragas nos cultivos, con melloras posibles, contra os insectos, nas semillas, nos vexetais e tamén coas aves por exemplo. Houbo melloras e efectos positivos en moitos aspectos mesmo no plano médico nas hormonas e no “cuajo”, evitando así sacrificar animais.

Sendo as 10,49 horas incorporouse á sesión D. José Antonio González González, quedando o grupo de goberno con trece concelleiros e o número total de asistentes á sesión en vinte.

Estaba pois a prol da parte da moción que se refería ao cultivo de transxénicos, pero discrepaba coa extensión da mesma ao tema da alimentación. En Europa se importaban seis millóns de toneladas ó ano de “soia transxénica”, que representaba case o sesenta e seis por cento do seu consumo, e as dúas terceiras partes dos alimentos que se inxerían actualmente pola poboación europea procedía de alimentos manipulados ou alterados transxénicamente. Por tanto coidaba que non ía na dirección correcta esta parte da moción.

Reiterou que estaban en contra do rexeitamento frontal que se facía da parte da moción que falaba do uso dos transxénicos na alimentación, porque era cuestionable, e porque había poucas comprobacións dos efectos e das consecuencias que producían o consumo destes alimentos; era máis, mesmo a propia FAO indicaba que algúns alimentos tratados xenéticamente eran máis seguros que outros naturais.

Por elo, e a modo de proposta dixo que se podía facer unha declaración na que se pida que non se fagan experimentos de transxénicos en Lalín, eliminándose a parte referente á alimentación.

Desde o grupo nacionalista, **D. Fco. Xavier Vilariño Taboada** indicou que a moción do P.P. era unha moción xa redactada pola Asociación de Amigos da Terra, igual a que el tiña e que non presentaron.

O Sr. Alcalde-Presidente indicou que non era certo, que a moción era propia deste Concello, que el mandou facela e elaborouna D. Xosé Manuel Méndez, técnico da Oficina Agraria.

Seguiu a súa intervención o voceiro nacionalista. **D. Fco. Xavier Vilariño Taboada**. Non lle parecía mal a moción, aínda que coidaba que o tema dos transxénicos afectaba a case todo o que se producía e consumía, mesmo o leite. O tema de fondo estaba en que o sistema actual no que estamos hoxe é un modelo de produción e de alimentación importado de EE.UU, algo que non era positivo para Galicia. Facía falta aportar como propia de Galicia unha marca competitiva propia de produtos, fronte ás das grandes compañías, e isto conseguiríase a base de ofertar calidade e produtos da nosa terra.

Sobre os transxénicos, a cuestión a día de hoxe era que non se coñecían as consecuencias que se producirán no futuro polo consumo destes alimentos tratados xenéticamente.

Tamén quixo engadir que este tema era un problema para a Consellería do Medio Rural, porque esta consellería agora estaba en contra do uso dos transxénicos, tendo sempre en conta que as competencias eran estatais e non estaban transferidas. Consideraba que a moción, tal e como estaba redactada, era unha mera declaración de intencións.

De novo, **D. Manuel María González Aller** salientou que o seu grupo tamén tiña a mesma moción por presentar neste Concello que a que estaba en debate do grupo de goberno e á que se refería o grupo nacionalista, afirmando que non a presentaron por outros motivos.

Entendía que había que opoñerse a que en Galicia se cultivaran produtos transxénicos, e era contrario ao cultivo, pero había que ter en conta que a utilización na alimentación dos animais e nas plantas produciu algúns efectos positivos. Por iso había que separar a parte de cultivos a que se refería a moción, da parte que se refería ó uso alimenticio. Por iso propuxo a modo de EMENDA que desaparecera do punto primeiro da parte dispositiva da moción, en concreto

despois..... e a calquera introdución destes no proceso alimentario, ao carecer de suficientes garantías ambientais e sanitarias...

Neste intre ausentouse da sesión ata o final deste punto, incluída a votación D^a María Paz Perez Asorey.

Finalizou este longo debate **D. Xosé Crespo Iglesias**. Indicou que el persoalmente levaba bastante tempo estudando este tema do cultivo e do uso na alimentación dos transxénicos. En concreto comentou que asistiu a unha xornada no hotel Araguey de Santiago, promovida pola organización ecoloxista *Greenpeace*. Desta sesión puido ver que o tema lle parecía máis serio do que se falaba normalmente del. Había moito por saber dos efectos e das consecuencias do cultivo e do uso na alimentación dos produtos transxénicos estaban aínda por definir, porque eran descoñecidos para todos e estaban a ser investigados. Sobre a emenda socialista afirmou que non a aceptaba e en consecuencia non cambiaría nada da moción presentada, porque se buscaba declarar e solicitar que Lalín quede libre dos experimentos de cultivos con transxénicos e tamén na alimentación. “De todo o que recollía a moción, o máis importante é que se tome conciencia de utilizar o menos posible esta clase de cultivos e se consuma o menos posible os alimentos manipulados xenéticamente”, afirmou.

Sometida a votación ordinaria a man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: quince (15) dos que doce foron do P.P. e tres do BNG.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: cinco (5) dos que catro foron do PSdeG-PSOE e unha de D^a. María Paz Pérez Asorey, ausente neste intre e por imperativo do ROF.

En consecuencia **APROBOUSE** a moción, adoptándose o seguinte acordo:

O Alcalde de Lalín ten expresado en numerosas ocasións e en diversos foros a súa fonda preocupación polo posible cultivo de transxénicos en diversos municipios de Galicia e, de xeito especial no concello lalinense; máis ante a aparición nos últimos tempos de informacións nos medios de comunicación dando conta de que varias multinacionais teñen ensaiado con millo transxénico en Galicia, e que reabriron o debate acerca destes ensaios experimentais. Así mesmo o rexedor lalinense ten amosado a súa repulsa a este tipo de cultivos polas consecuencias nocivas que pode ter sobre a saúde humana.

En base á desinformación existente e ás informacións contradictorias sobre a localización destes cultivos (por exemplo, existen versións contradictorias acerca de se a multinacional Monsanto realizou ou non ensaios con millo transxénico en Lalín, descoñecéndose por completo sobre que parcelas), a pesar de que a lexislación obriga ao establecemento duns rexistros públicos dos campos de transxénicos que permitan á cidadanía coñecer a situación destes cultivos, o alcalde de Lalín ten demandado en varias ocasións información precisa ao respecto do tema da Consellería do Medio Rural, como máxima institución representante do agro e do rural en Galicia.

De igual modo, ten expresado que comparte a postura amosada sobre este tema polos sindicatos agrarios e por organizacións ecoloxistas que veñen de demandar a suspensión temporal deste tipo de plantacións, como se fixo en Asturias, País Vasco e outros países europeos, e que así mesmo veñen de crear recentemente en Lalín a Plataforma Antitransxénicos, co obxecto de conseguir a declaración de Galicia como zona libre.

Do departamento autonómico de Medio Rural o Alcalde obtivo resposta na que se argumentaba que no Concello de Lalín non se tiña realizado nin solicitado ningún ensaio con este tipo de cultivos, e de que no conxunto de Galicia se fixera un (sen especificar o ámbito territorial).

Non obstante, organizacións ecoloxistas e sindicatos agrarios volven poñer no caldeiro este asunto ao afirmar que se conta co consentimento governamental para desenvolver campos de experimentación con millo transxénico en catro concellos, entre os que citan o de Lalín.

O que está claro é que a día de hoxe persiste a confusión e o descontrol absolutos sobre esta cuestión que ten unha repercusión directa sobre a saúde humana, polo que se fai necesario demandar das autoridades competentes un posicionamento firme no que amosen un rexeitamento claro contra o cultivo de transxénicos tomando como referente outros países como Francia onde o Goberno vén recentemente de poñer en marcha unha moratoria sobre o cultivo de millo transxénico MON810, tras o informe emitido pola Alta Autoridade sobre os Organismos Modificados Xeneticamente (OMX). Neste senso cómpre destacar que en maio de 2004 finalizou a moratoria sobre aprobacións de novos Organismos Modificados Xeneticamente en contra da opinión da poboación europea, e sen contar co apoio dos Estados membros.

En 2007 só se cultivaron transxénicos en oitos países da Unión Europea, concentrándose en España preto do 70% da superficie afectada por estes cultivos, segundo diversas organizacións ecoloxistas. A situación a día de hoxe é que existen demasiadas dúbidas sobre o efecto de diseminación de transxénicos sobre o ambiente e a saúde humana e que a normativa europea resulta insuficiente para asegurar a ausencia de riscos total para a conservación da biodiversidade vexetal e animal. A aparición de novas alerxias e a creación de novas resistencias a antibióticos son os principais riscos deste tipo de cultivos, ademais do efecto multiplicador de que o vento arrastre polen contaminado a outros campos.

Os cultivos en España son unha realidade desde 1998, sendo hoxe un dos principais estados produtores da Unión Europea. Segundo datos difundidos por *EuropaBio*, a asociación de empresas europeas de biotecnoloxías, no ano 2007 sementáronse en España 75.148 hectáreas con cultivos transxénicos (millo MON 810, o que representa o 15% do total do millo cultivado en España) e xa se constataron casos de contaminación de campos de millo por pole transxénico. Ademais segundo o ISAAA, instituto especializado no seguimento do uso destes Organismos Modificados Xeneticamente (OMX) o seu cultivo vai en aumento. Na actualidade, a área de OMX alcanza os 102 millóns de hectáreas.

A extensión deste tipo de cultivos con fins comerciais pode rematar a medio prazo coa agricultura tradicional e ecolóxica, co que iso supón de tremendas perdas para un concello de base rural como é o de Lalín e para a nosa comunidade, onde o sector primario segue a ter aínda unha notable importancia.

A sensibilización contra o cultivo de transxénicos debe ser tarefa de todos, non só dos científicos, senón tamén dos pensadores e dirixentes políticos, xa que se trata de cuestións nas que pola súa transcendencia todos debemos intervir.

Xa que logo o Concello Pleno **ACORDOU**:

1.- Pedir á Xunta de Galicia (Consellería do Medio Rural) e ao Goberno Central (Ministerio de Agricultura) que declare de forma inminente ao Concello de Lalín como zona libre de transxénicos, amosando un rexeitamento claro á experimentación con este tipo de cultivos e a calquera introdución destes no proceso alimentario, ao carecer de suficientes garantías ambientais e sanitarias. Deste xeito, Lalín pasaría a converterse no primeiro Concello galego en mostrar a súa repulsa a este tipo de ensaios experimentais.

2.- Solicitar a adhesión do maior número de municipios galegos a esta declaración de rexeitamento frontal aos transxénicos para que todos unidos fagamos forza para demandar do Goberno autonómico e central que Galicia quede liberada deste tipo de cultivos experimentais, seguindo o camiño iniciado por numerosas institucións locais europeas (ao redor de 170 no conxunto de Europa), cuxo pronunciamento en contra propiciou a resistencia das autoridades gobernativas da introdución de transxénicos na agricultura e na alimentación.

Neste intre incorporouse de novo á sesión D^a. María Paz Pérez Asorey.

7.2.- MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO RELATIVA A QUE A SUBDELEGACIÓN DO GOBERNO EN PONTEVEDRA NOMEA A PERSOAS CON MÉRITOS DE COMPETENCIA E CAPACIDADE NA REALIZACION DE LABORES DE CÓMPUTO ELECTORAL.-

Deuse conta pola Presidencia desta moción da Alcaldía de data 14-3-2008 con entrada municipal do mesmo día e nº de rexistro 1453. A continuación o Sr. Secretario leu o ditame favorable da Comisión Informativa de Relacións Institucionais e Seguridade Cidadá do día 24 de marzo de 2008.

Na rolda de intervencións **D. Xosé Crespo iglesias**, Presidente, explicou a moción. Leu en primeiro lugar a parte dispositiva, e indicou que tendo en conta que a competencia para nomear aos responsables da administración correspondeu ao Sr. Subdelegado do Goberno tiña que ter tamén el a responsabilidade da actuación destas persoas nas pasadas eleccións xerais, e polo menos o detalle de explicar o que sucedeu, xa que hoxe aínda só coñecía o que se publicou na prensa. Ademais das actuacións destas persoas, existían as actas oficiais do escrutinio. Resultaba que, dos datos dados por estas persoas, uns partidos, aumentaban e outro perdía. En suma, esta información oficial, que a día de hoxe na páxina web do M^o do Interior non estaba corrixida, non reflectía a realidade. Daba a sensación de que non houbo un cómputo correcto, creando con elo un prexuízo claro a algún partido político que concorreu ás mesmas.

“A realidade é que aquí en Lalín o PSOE baixou e o P.P. subiu, e mesmo o BNG subiu”, afirmou. Hoxe os datos estaban aínda sen corrixir a pesar de todo o que se dixo. Non había para o seu partido beneficio algún, e posiblemente un prexuízo. Indicou que antes os representantes eran os propios funcionarios dos Concellos, e logo se cubrían estes postos con familiares ou con outros traballadores municipais. Pero sucedeu que nestas eleccións o PSOE nomeou a todos. Citou que nun principio ía ser o asesor xurídico o que levara estes traballos nas eleccións como coordinador; pero logo falou con el e comunicoulle que desde a

Subdelegación do Goberno cambiaron de opinión e nomearíano eles a outra persoa. En suma, o PSOE *“entrou como entrou ó gañar o poder”, “como un elefante na cacharrería”*. Para evitar isto podíanse nomear funcionarios da Xunta de Galicia ou doutros Concellos, pero sempre persoas cualificadas.

Parecéulle todo *“unha falcatruada”*, así como o comportamento do Sr. Subdelegado do Goberno, polo feito de que apareza logo na prensa para *“botarlle culpas ao Sr. Crespo Iglesias, cualificando a actitude deste como una “rabieta súa”*. O Sr. Subdelegado tiña a competencia e polo tanto a responsabilidade neste tema, e por iso tiña que desculparse. Era de aplicación a este caso a frase: *“Díxolle o pote ao caldeiro: “sácate de aí que me luxas”*.

Sostivo que os seus irmáns non foran nunca representantes da administración tal e como o publicou a prensa escrita neses días; como moito, ó mellor foron interventores e apoderados dun partido. El mesmo comeu co seu irmán ó día seguinte e lle preguntou esta cuestión, contestándolle negativamente.

Pediulle que tal e como foi ata as pasadas eleccións xerais, foran persoas con capacidade como podían ser o Sr. Secretario ou Sr. Asesor Xurídico e demais funcionarios con oposición que asumiron isto e que polo tanto eran funcionarios cualificados, os que realizaran estes traballos. Pero, ao parecer, había unha desconfianza hacía estes cargos; non se lles encargou o traballo esta vez e sucedeu o que pasou. Pediu un pouco de humildade ao Sr. Subdelegado do Goberno.

Desde o grupo socialista non se vía favorablemente a moción. Criticou **D. Manuel María González Aller** a actitude do Sr. Alcalde que non é de agora, ven de hai catro anos, cando o P.P. non aceptou os resultados oficiais das eleccións xerais e pasou á oposición. Aí estaba o punto de partida. A raíz disto houbo actuacións fora de lugar da Alcaldía, sendo esta a última: a habida co representante do M^o de Interior na provincia, que era un cargo público. Este talante negociador do que presumía o Sr. Alcalde, de falar e chegar a acordos con todo o mundo, non existía realmente. O que se vía era unha actuación fora de lugar. Podía ser en parte porque estaba subordinado e sumiso á dirección do partido, facendo todo o que este lle pedía e actuando nalgúns casos incorrectamente. *“Eu pídlle que cambie un pouco esa actitude que cambie a opinión, de talante e que se abra á negociación, agora que o seu partido parece que cambiaba”*, afirmou.

Nos fomos os primeiros eses días en dar os datos reais e certos. Houbo un fallo no funcionamento da Administración; pero estaban as actas para garantir os resultados. Non ten tanta importancia, como o Sr. Alcalde quere darlle. Vexo o comportamento da Alcaldía como inadecuado polas súa verbas hacia eles. Falou o Sr. Alcalde de *“ineptos”* afirmando que non sabía quen foron os representantes. *“Os do PSOE de Lalín nunca puxemos en dúbida a valía dos funcionarios”*, afirmou. Eles (os da Subdelegación Goberno en Pontevedra) puxeron a outras persoas como representantes da administración; e el persoalmente non estaba ao tanto das persoas que foron designadas e das que se nomearon para estes cargos. Por último, e dirixíndose ao Sr. Presidente, recomendoulle polo seu ben, pola súa saúde, e polo cargo, que cambie de actitude.

Tamén desde o BNG víase negativamente a moción e así indicouno o seu voceiro. **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** cualificou de indecente o debate entre o PP e o PSOE para ver quen nomeaba aos representantes a dedo. Todo o escoitado parecíalle unha indecencia moral. O sucedido non era senón unha anécdota máis. Lembrou que unha vez estando el na sede do seu partido político veu un representante da administración da mesa de Soutolongo para darlle a un membro do seu partido a acta do escrutinio. Había pois erros de todas as partes. Polo tanto non admitía que se nomeen a dedo a ditos representantes.

Eles apostaban por efectuar a selección deste persoal por sorteo entre os funcionarios. Había ademais feitos mais graves que este; por exemplo, criticou que algunhas persoas, en nome dalgún partido político ofreceran sesenta euros por voto polos bares de Lalín. En suma foi un erro o sucedido, porque se supuña que os representantes debían saber recoller os datos, contar e entregar as actas.

O dito aquí denotaba unha evidente falta de ética e o debate de fondo era cambiar o sistema de nomear aos representantes e non o que se pedía na moción, que non resolvería nada. Por isto non apoiará a moción, por non incidir neste tema e non resolver o problema de fondo.

Na segunda rolda de intervencións, **D. Xosé Crespo Iglesias** cualificou a postura do goberno central como “cómoda”. O BNG non ten responsabilidades no goberno central e non está aínda preparado; pero cando o BNG estea no goberno, “Deus nos libre: meteranos por toda a escuadra”, salientou.

Mostrou o xornal Faro de Vigo do día 10 de marzo de 2008 co texto que aludía aos seus irmáns como representantes da administración en procesos electorais; segundo él, quedaba claro que se afirmaba na prensa que o seu irmán foi representante da administración, cando non era certo.

En canto a saúde, recoñeceu ser algo hipertenso, pero manifestou que a súa médica era *M^a. Pilar López Carrón*. O discurso socialista era exactamente o contrario do que era a persoa de D. Xosé Crespo. El ten que recibir o trato de respecto que como Alcalde se lle debe dar. De non ser así, el tamén respostaba doutro xeito. Neste caso houbo un cabreo pola súa parte cando non se lle deu ese trato e o respecto que merecía como rexedor municipal. Lembrou que estivo no Pacto Local e sacou adiante temas moi importantes. Sempre negociou todo o que puido, sendo un exquisito interlocutor. Pero cando se producían agravios coma o que sucedeu coa entrevista concertada e logo frustrada con D. *Victor Morlán*, logo coa visita da Sr^a. Ministra de Fomento a Lalín, *D^a. Magdalena Álvarez*, acompañada do Presidente da Xunta de Galicia *Sr. Emilio Pérez Touriño* e co anuncio da Consellería de Sanidade en Silleda sobre o tema do posible hospital de Lalín, el tiña que reaccionar e amosar o seu desacordo. Citou a este caso, “os saraos” que montaba “Pachi Vázquez” en O Carballiño (Ourense) cando viñan responsables da Xunta de Galicia ou da Deputación Provincial de Ourense e non se lle invitaba. Lembrou unha vez máis o sucedido co colexio novo, na que no primeiro acto non se lle invitou polo Sr. Delegado de Educación de Pontevedra, pero si no segundo; e isto pasou nunha actuación, nun expediente no que o Concello tiña que aportar un terreo, que custou conseguilo a este Concello, coa correspondente xestión urbanística municipal.

En suma estas catro actuacións, había algunhas outras de menor entidade, amosaban unha falta total de respecto a este Concello; era de aplicación o refrán: “*cando non hai pan, faragullas van*”, segundo el. Había pois falta de respecto, e el actuaba como se coñecía. Salientou que el tiña sempre e por norma dispensar un trato exquisito cos cargos oficiais que viñan a Lalín, e entre eles cos responsables do PSOE; mantiña tamén boas relacións cos membros deste partido, salvo cos cargos deste partido en Lalín, e podían preguntar por aí para ver se era ou non era certo isto que dicía. Citou ós actos do derradeiro aniversario do pintor Laxeiro que contaron coa presenza do Sr. Ministro de Cultura e con outras autoridades e o trato que se deu aos que interviñeron nos diversos actos que se realizaron en Lalín.

De novo, **D. Manuel María González Aller** reiterou que el ignoraba como se nomearon esas persoas. Pediu ao Sr. Alcalde un talante máis dialogante que o amosado ata agora e criticou a falta de respecto da que facía gala o máximo mandatario, que se dedicaba a insultar agora ao Sr. Subdelegado do Goberno.

Citou que non houbo una sola negociación co seu grupo sobre a dedicación exclusiva pedida, sen resultado a día de hoxe. O estudo do hospital feito, segundo el, era “de vergonza”, e mesmo os encargados de explicalo aquí no Concello se avergonzaban do documento. En todo caso o anuncio da Sra. Conselleira de Sanidade fíxose en Silleda e non era do todo incorrecto, porque o hospital sería comarcal e Silleda formaba parte da comarca.

Finalmente, **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** anunciou unha moción para o vindeiro pleno que abordaría de raíz o problema: o nomeamento dos representantes da administración.

Reiterou que agora a moción, tal e como estaba redactada, non era suficiente para que o seu grupo puidera asumila.

Afirmou **D. Xosé Crespo Iglesias** que o Sr. Sebdelegado xa contestou na prensa e que as súas explicacións eran insuficientes.

Sometida a votación ordinaria a man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: trece (13) do P.P.

Votos en contra: sete (7) dos que catro foron do PSdeG-PSOE e tres do BNG.

Abstencións: ningunha.

En consecuencia **APROBOUSE** a moción, adoptándose o seguinte acordo:

O Alcalde de Lalín vén de constatar que se computaron de forma errónea o recuento dos votos en dous dos seis concellos da comarca do Deza, concretamente nos de Lalín e Dozón, tal como figura na web do Ministerio do Interior. No caso do municipio lalinense o Ministerio do Interior computou 200 votos de menos, e no de Dozón 159. Ademais téñese constancia formal de que este feito non é un caso illado, senón que se teñen detectado casos similares nalgún concello máis da provincia.

O recuento de votos en cada unha das corenta mesas electorais que compoñen o Concello de Lalín corrobora que os resultados están ben, e que o Ministerio do Interior computou 200 votos de menos para o PP en Lalín, concretamente 7.496 en vez dos 7.696 reais.

No caso do Concello de Dozón o equipo encargado do labor de cómputo electoral computou 159 votos de menos para o Partido Popular (frente aos 620 que resultan de escrutar cada unha das mesas que compoñen o Concello de Dozón, e non 461 como figura na web do Ministerio do Interior). Así mesmo tamén se computan 17 votos de menos para o BNG. Sen embargo o Partido Socialista viu incrementado o número de votos en 120.335 segundo datos do MIR, cando a través do escrutinio levado a cabo nas mesas deste Concello certifícase que son 215 votos os reais.

Xa que logo, o Pleno da Corporación Municipal **ACORDOU**:

1.- Instar ao Goberno central e, máis concretamente neste caso á Subdelegación do Goberno en Pontevedra, a que nomee a xente de recoñecida competencia (funcionarios da Xunta, do Concello ou doutras administracións), en base a criterios de

mérito e de capacidade, para a realización dos labores de cómputo electoral e do manexo deste tipo de datos, máxime cando representan á fonte oficial.

2.- Demandar á Subdelegación do Goberno en Pontevedra que aclare realmente onde estivo o fallo na compilación de datos do Concello de Lalín nas últimas eleccións xerais de 2008.

3.- Instar a que este incidente non se volva repetir en ningún caso.

7.3.- MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO RELATIVA Á SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL DE MEDIDAS DE SEGURIDADE NA ESTRADA PO- 534 AO SEU PASO POR DONRAMIRO.-

Sendo as 12,02 horas D. Xosé Crespo Iglesias deixou a Presidencia, quedando como Presidente D. Camilo González Bodaño, quedando o P.P. con doce edís, con catro o PSdeG-PSOE e con tres o BNG e o total de asistentes en dezanove.

Deuse conta pola Presidencia desta moción do grupo de goberno de data 15-3-2008, entrada municipal do mesmo día e nº de rexistro 1472. A continuación o Sr. Secretario leu o ditame favorable da Comisión Informativa de Obras, Infraestruturas e Servizos Comunitarios do día 24 de marzo de 2008.

D. Camilo González Bodaño, Concelleiro Delegado desta área, explicou que conviña arranxar a vía de Donramiro desde a Avenida de Madrid ata a rotonda do Empalme, dotándoa cunha sinalización completa, colocando “*lomos de burra*”, e imprimindo unha capa de firme con material antideslizante, sobre todo nesa curva na que había accidentes e era urxente arranxar esta vía.

Desde o grupo socialista, **D^a. Marta Lázara Fontao** indicou que das verbas escoitadas noutras ocasións do Sr. Crespo Iglesias parecía unha propiedade municipal e agora con esta moción, ó pedir a outra administración unha actuación, parece que non era así. Amosouse sorprendida de que despois de tantos anos de estar *D. Camilo González Bodaño* como edil delegado de obras ou de urbanismo, agora veña á sesión esta moción. Lembrou que no mes de outubro o seu grupo pediu isto por un rogo e logo nunha moción. Contestouse que era responsabilidade da consellería correspondente da Xunta de Galicia e a moción daquela rexeitouse.

D. Camilo González Bodaño contestoulle indicando que tamén era certo que antes había menos accidentes e menos circulación.

Continuou a súa intervención, **D^a. Marta Lázara Fontao** indicando que no mes de novembro pasado *D. Manuel María González Aller* fixo unha petición á Delegación Provincial da Consellería de Política Territorial. A consecuencia desta petición viñeron aquí uns técnicos de dita entidade a ver o lugar. Logo tivo lugar unha reunión na Delegación Provincial da Consellería cos responsables. Dixeron que algúns aspectos que se pedían, por exemplo o tema dos “espellos” na subida á Escola e a Igrexa eran competencia e responsabilidade do Concello; os pasos para peóns, tamén; non se pediron e podían xa estar feitos.

Nesta moción, o seu grupo recollía as demandas dos veciños, déronlle curso e pedían negociar sobre elas ata conseguir solucións.

Tendo en conta que había que reclamar a outras entidades a execución das obras, da súa participación, parecía que eles facían o labor do goberno municipal, cando era ao grupo de goberno a quen correspondía este traballo, e non á oposición. Como non é así, pediu que o goberno acometa estas obras ou que as esixa. Parecía que presentaban esta moción e tomaban a iniciativa, porque coidaban e non tiñan máis remedio ó ver que o PSOE ía conseguir solucións.

De novo, **D. Camilo González Bodaño** reiterou o xa dito: que os espellos non eran competencia do Concello, e había que mirar as competencias.

Entón entrevistou o voceiro do BNG. **D. Fco. Xavier Vilariño Taboada** indicou que: “*se vos parece, poñemos nós o espello*”.

De seguido a edil nacionalista **D^a. Susana Rodríguez Cambón** explicou a posición do seu grupo. Indicou que todas as medidas que se acordaran para mellorar a seguridade vial desde o Concello eran positivas e eles como grupo estaban a favor. A maiores reclamou que “*se faga algo desde o Concello e non estar sempre pedindo cousas a outras entidades, “aínda que, claro que..., se non había cartos..”*”.

D. Camilo González Bodaño indicou que a moción se presentou dun xeito correcto, porque había que pedir as obras ao propietario da estrada, que neste caso era a Xunta de Galicia. Nos viais do Concello, o goberno municipal estaba a facer as melloras de seguridade vial segundo se podía; pero cando o titular da estrada era outra administración, a esta había que pedirlo.

Finalmente, **D^a. Marta Lázara Fontao** salientou que estas verbas do edil delegado supuñan unha contradición co dito na sesión plenaria anterior polo grupo de goberno co gallo do debate dunha moción do grupo socialista. Díxose entón que non á unha petición do seu grupo para pedir unha actuación a administración autonómica, e agora que si, cambiando os argumentos. Por elo pediu coherencia na actuación e proceder do grupo de goberno.

Sometida a votación ordinaria a moción, por **UNANIMIDADE** dos asistentes aprobouse a mesma, e tendo en conta que:

O desenvolvemento económico e social que está a vivir o Concello de Lalín nos últimos tempos ven acompañado dun incremento considerable do tráfico de vehículos. A futura apertura na súa totalidade da rolda leste paliará en boa medida esta situación, aínda que quedarán treitos dentro do noso municipio cun alto nivel de perigosidade para os nosos veciños e para o propio tránsito dos vehículos.

Este é o caso da PO-534 (antiga PO-200) no tramo que discorre entre os puntos quilométricos 0 e 1, en concreto pola parroquia de Donramiro. Neste treito é frecuente que se produzan accidentes de vehículos por saídas da vía (con derrubamento de muros e danos importantes en vivendas), como consecuencia do estado deslizante da capa de rodadura e as curvas perigosas existentes, e situacións de perigo para os viandantes, ao contar con pasos de peóns unicamente nos arredores das rotondas existentes ao principio e ao final do tramo descrito.

Especial mención merece o lugar no que este vial se cruza co acceso á Igrexa de Donramiro, un punto perigoso sumamente transitado polos veciños, que se ven obrigados a esquivar os vehículos que pasan pola zona para non ser atropelados ao carecer dun paso de peóns ou de sinalización vertical que poña en aviso aos condutores.

Este vial pertence á Rede Autonómica de Estradas de Galicia, polo que o seu mantemento e adopción de medidas de seguridade corresponden directamente á Consellería de Política Territorial e Transportes da Xunta de Galicia. Sen embargo, o tempo pasa sen que se realice algún tipo acción que mellore a seguridade tanto de peóns como de vehículos nesta zona, ao tempo que se incrementa o malestar dos veciños pola situación de perigo que están a padecer a diario.

Por este motivo, o Pleno da Corporación Municipal adoptou o seguinte ACORDO:

Solicitar á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, da Xunta de Galicia, a adopción de medidas que incrementen a seguridade na estrada PO-534, entre os puntos quilométricos 0 e 1, en concreto na zona que discorre pola parroquia de Donramiro. A solución pasaría pola colocación de novos pasos de peóns (sobre todo na zona de acceso á Igrexa), a instalación de sinalización vertical e horizontal e a botadura dunha nova capa de rodadura antideslizante.

8.-MOCIÓN DO GRUPO PSDEG-PSOE.-

8.1.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE OBRAS A REALIZAR NA PARROQUIA DE LEOZÁN.-

Deuse conta pola Presidencia desta moción do día 17-3-2008, entrada municipal do mesmo día e nº de rexistro 1484. A continuación o Sr. Secretario leu o ditame desfavorable da Comisión Informativa do Rural e Actividade Agraria do día 24 de marzo de 2008.

Na defensa da moción, **D. Francisco Pérez Donsión** indicou que no núcleo de Leozán con cento sesenta e seis veciños había un colector de augas, pero non había acometidas conectadas ás casas. En febreiro a estes veciños dixéraselles que non estaba ningún veciño conectado. “O certo era que non hai ningún veciño conectado á dita rede, ou ó mellor podía existir algún, pero a meirande parte das casas non tiñan ese servizo”, afirmou. Tendo en conta o investimento importante que se realizou, coidaba que non se sacaba a rendibilidade que se debía e debía aproveitarse.

O día 21-3-2008 o xornal “La Voz de Galicia” publicou que o saneamento en xeral estíbese a mellorar nos núcleos rurais de Galicia. En África estíbese no 36% de cobertura de saneamento da poboación, namentres que en Lalín só se chegaba ao 18% do dito nivel de saneamento. Non era boa pois a cobertura de sumidoiros no rural de Lalín e afirmou que algo tería que ver esta situación coa acción política do goberno municipal. A conclusión era que “o grupo de goberno “tiña que poñerse as pilas e poñerse a traballar un pouquiño”. Para solucionar isto, propuñan en nome do seu grupo a redacción dun plan integral e dun plan director para dotar de saneamento a todo o rural de Lalín. Leu de seguido a exposición de motivos, e aproveitou que este ano era o Ano Internacional do Saneamento para resaltar a necesidade de acometer estas actuacións.

Desde o grupo nacionalista **D^a. Guadalupe Novoa Carballude** dixo estar a favor de cubrir as necesidades dos veciños e insistiu na necesidade de realizar máis accións e máis obras para a defensa dos dereitos dos veciños xa que a pesar de vivir no rural tiñan que ter os mesmos dereitos que os que habitaban na zona urbana.

Desde o equipo gobernante **D. Antonio Rodríguez Rodríguez** indicou que os sumidoiros e a depuración prevista polo grupo de goberno para este ano contemplábase no programa POL/2007 e xa se adxudicou a obra. Non había cambios previstos nesta materia, pois.

Sobre a moción en cuestión, afirmou que como base había casas conectadas a unha tubaría de auga pluviais. Coa obra feita recentemente, solucionouse o problema, evitándose así o vertido directo na fonte pública destas augas, e levouse a dita tubaría a cincocentos metros da dita fonte para evitar filtracións e a súa contaminación.

Na zona había varias solucións; algúns veciños contaban xa con fosa séptica, e ademais estaba a solución anterior da tubaría colocada de 400 mm. e púxose a depuradora o máis afastada posible da fonte; os que quixeran podían conectarse a dita tubaría.

Instalar os sumidoiros nese lugar tal e como se pedía na moción resultarían moi custosos para o Concello, porque habería que levantar todo a zona para canalizar, e había que separar así as augas pluviais das fecais que era o que se pedía. Pero isto non se facía en ningunha zona do rural, e mesmo aínda hoxe nalgúns lugares non tiñan solucionado o tema do saneamento. Nesta situación, os veciños que querían podían conectarse con esa rede de pluviais e coidaba que había xa seis ou sete casas conectadas.

A meirande parte da zona rural estaba sen separación das augas, tal e como ocorría nesa zona.

Houbo de seguido un debate con **D. Francisco Pérez Donsión**.

De novo **D. Antonio Rodríguez Rodríguez** dirixíndose ao voceiro socialista reiterou que non era lóxico prometer separar as augas fecais e pluviais neste lugar, cando noutros sitios non había aínda o servizo de saneamento completo e como debera. Por elo, coidaba que na situación actual, os veciños podían conectar e servirse da instalación servizo existente.

Na moción pedíase que se dote á rede de saneamento do lugar de Lebozán das conexións necesarias coas vivendas de xeito que os veciños poidan usar este servizo.

Sometida a votación ordinaria a moción, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: seis (6), dos que catro foron do PSdeG-PSOE e dous do BNG.

Votos en contra: doce (12) do P.P.

Abstencións: unha de D. Francisco Xavier Vilariño Taboada, por non estar presente no intre da votación.

En consecuencia **REXEITOUSE** a moción.

Incorporouse á sesión D. Francisco Xavier Vilariño Taboada.

8.2.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE PARA DOTAR DUNHA CAPA DE RODADURA O CAMIÑO QUE COMUNICA A PARROQUIA DE ALEMPARTE COA ESTRADA LALÍN-RODEIRO.-

Deuse conta pola Presidencia desta moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE de data 17-3-2008 con entrada municipal do mesmo día e nº de rexistro 1485. A continuación o Sr. Secretario leu o ditame desfavorable da Comisión Informativa do Rural e Actividade Agraria do día 24 de marzo de 2008.

Na rolda de voceiros polo grupo socialista **D. Manuel María González Aller** explicou o que se pedía na moción. Tratábase de arranxar a pista que comunica a parroquia de Alemparte coa estrada Lalín-Rodeiro, dotándoa dunha capa de rodadura.

Desde a formación nacionalista **D^a. Susana Rodríguez Cambón** tamén estaba nesta posición favorable a arranxar a pista.

Polo grupo de goberno **D. Antonio Rodríguez Rodríguez** indicou que faltaban cartos para afrontar todas as obras necesarias. Non obstante sinalou que o Concello lle solicitou á Consellería do Medio Rural diversas axudas para arranxar pistas, e entre elas, ésta. En concreto precisou que se pediu o día 15-11-2005.

O tramo que se pedía era de seis quilómetros aproximadamente, o que suporía unha importante cifra de investimento, no caso de realizarse; de todos os xeitos, afirmou que de non vir concedida esta axuda, dende o Concello faríamos bacheos e logo poñeríamos o aglomerado a trozos, ou ben buscaríamos outras solucións. Por isto rexeitaríase a moción.

De novo **D. Manuel María González Aller** reiterou o xa dito anteriormente, no sentido de que se dixo polo goberno municipal no mes de novembro non a esta obra, porque non había cartos. Entendía que eran meras desculpas para os veciños e que a estrada estaba desfeita e nese estado, non dende hai tres anos, senón desde sempre, xa que coidaba que non se arranxou nunca.

Preguntou **D. Antonio Rodríguez Rodríguez**, *¿quen fixo a pista entón?* preguntou. De todos os xeitos, reiterou que o ano pasado se fixeron algúns arranxos nesta pista.

D. Manuel María González Aller pediu que constase na acta que o problema era que non había cartos.

Aparte deste punto, e en relación con outro asunto tratado na sesión plenaria anterior, pediu que constase na acta que o Sr. Alcalde e o edil de urbanismo Sr. Román Rodríguez González nunhas declaracións feitas á prensa, dixeron que os terreos para o novo colexio estaban postos en mans da Consellería, e á súa disposición. Precisamente quería que constase na acta que a día de hoxe non estaban conseguidos os terreos necesarios para construír esa obra. Para elo pediu saber cando se remitiu o acordo municipal adoptado e o número de rexistro da documentación remitida do expediente a que se referiron ambos, porque legalmente non estaban a disposición desa consellería nin os terreos, nin a documentación necesaria.

D^a. Susana Rodríguez Cambón dixo que o seu grupo estaba a prol de arranxar a pista que estaba neste estado polo menos dende o ano pasado.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez indicou que o ano pasado arranxouse por última vez con algún bacheo, pero que a pista fora aberta grazas ao grupo de goberno había anos.

Na moción pedíase que se proceda a dotar dunha nova capa de rodadura o camiño público que comunica o lugar de Alemparte coa estrada Lalín-Rodeiro PO-533.

Sometida a votación ordinaria a moción, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: sete (7), dos que catro (4) foron do PSdeG-PSOE e tres (3) do BNG.

Votos en contra: doce (12) do P.P

Abstencións: ningunha.

En consecuencia **REXEITOUSE** a moción.

Sendo as 12,33 horas abandonou definitivamente a sesión D. José Antonio González González, quedando con once membros presentes o grupo de goberno, con catro o grupo socialista e con tres o grupo nacionalista, e cun total de dezaoito concelleiros presentes na sesión.

8.3.- MOCIÓN DO GRUPO PSdeG-PSOE SOBRE SOLICITANDO A INSTALACIÓN DUN ASCENSOR NO MUSEO RAMÓN MARIA ALLER.-

Deuse conta pola Presidencia desta moción do grupo municipal socialista de data 15-3-2008, con entrada municipal do mesmo día e nº de rexistro 1473. A continuación o Sr. Secretario leu o ditame desfavorable da Comisión Informativa de Obras, Infraestruturas e Servizos Comunitarios do día 24 de marzo de 2008.

Desde o grupo socialista **D^a. Marta Lázara Fontao** indicou que durante varios anos se levaron a cabo unhas obras. Inicialmente estaba previsto dotar o edificio dun ascensor para acceder á parte superior, e facilitar así o acceso ás persoas discapacitadas, pero non se construíu o mesmo; non se explicaba a situación actual. Eles presentaron un rogo e unha moción logo de rematar unhas obras, hai catro anos, e preguntaron por elo; non houbo nin hai contestación a día de hoxe. Igual co que se dixo na Comisión Informativa. Por iso presentaban a moción para saber os motivos da non instalación do ascensor e para reclamar unha vez máis que se dote o edificio do mesmo.

Polo grupo nacionalista **D^a. Guadalupe Nóvoa Carballude** adiantou que votarían a favor. Non supuña un avance esa obra, e era cuestión de vontade, abordala. Falou de igualdade e de integración, e indicou que algo tería que ver a Concellería de Servizos Sociais, porque tal e como estaba a instalación, ao non poder acceder ao segundo piso, ás persoas discapacitadas, estábanelles a marxinar.

Desde o grupo de goberno **D. Román Rodríguez González** non vía do mesmo xeito a cuestión. Indicou que o Concello abordou unhas obras de reforma hai anos do Museo Ramón Aller, e lle quitaron parte do importe do financiamento desta obra. Actualmente o acceso ao segundo piso so era necesario para visitar a exposición permanente de Laxeiro e algunha outra.

Era certo que estaba infrautilizada esta planta, porque un noventa e nove por cento das actividades eran na parte baixa. Entre as poucas que tiñan lugar na parte superior estaba a celebración da Bienal de Laxeiro, que representaba unha semana cada dous anos.

Entendía que a oposición tiña que fiscalizar a labor do goberno, pero neste caso había un informe e unha certificación da dirección desta obra e a ela remitíase.

Desde o grupo socialista **D. Manuel María González Aller** non vía intención algunha no grupo de goberno de cumprir coa lei de eliminación de barreiras arquitectónicas, porque ao parecer era pouco rendible. A verdade era outra: non hai cartos no Concello para nada; pero logo pasaba que si hai diñeiro para ideas coma a do estudo do hospital que custou doce mil euros e para outras iniciativas.

Afirmou **D. Román Rodríguez González** que tamén na administración das distintas consellerías que correspondían a cada grupo político de goberno da Xunta de Galicia, había edificios que non cumprían a lei e non pasaba nada, aí estaban.

D^a. Susana Rodríguez Cambón dixo que a idea do estudo do hospital era do BNG.

Na moción pedíase que se proceda de inmediato á instalación dun ascensor no Museo municipal Ramón Aller.

Sometida a votación ordinaria a man alzada a moción, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: sete (7) dos que catro foron dos edís do PSdeG-PSOE e tres (3) dos edís do BNG.

Votos en contra: once (11) do P.P

Abstencións: ningunha.

En consecuencia **REXEITOUSE** a moción.

9.- MOCIÓNS DO BNG.-

9.1.- MOCIÓN DO BNG RELATIVA A OBRAS PARA COMPLETAR O SERVIZO DE SUMIDOIROS NA PARROQUIA DE MONEIXAS.-

Deuse conta pola Presidencia desta moción do grupo municipal do BNG de data 15-3-2008, con entrada municipal do día 17-3-2008 e nº de rexistro 1482. A continuación o Sr. Secretario leu o ditame favorable da Comisión Informativa do Rural e Actividade Agraria do día 24 de marzo de 2008.

Sendo as 12,42 horas abandonou sesión D^a. Nuria Rodríguez Carral, quedando con dez membros presentes o grupo de goberno, catro o socialista e tres o grupo nacionalista e cun total de dezasete asistentes á sesión.

Desde o grupo nacionalista **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** sucintamente explicou a moción: faltaban tres lugares e parte doutro lugar na parroquia de Moneixas para completar o servizo de sumidoiros e cumpría rematalo.

Desde o grupo socialista **D. Manuel María González Aller** amosou o voto a favor do seu grupo, se ben insistiu en algo que o seu grupo xa ten explicado nesta sesión e noutras ocasións: que compre acometer un plan integral para todo o Concello de Lalín. Avogou tamén por executar máis rapidamente as obras que sexan aprobadas. Por último salientou que, sendo este ano o Ano Internacional de Saneamento e, estando Lalín por baixo das medias africanas en materia de saneamento, parecía necesario acometer dito plan.

Desde o grupo popular, **D. Antonio Rodríguez Rodríguez** adiantou o voto en contra do seu grupo, porque non vía viable a moción. Había que valorar o custe das obras e non estaba feito ou alomenos non estaba no expediente. Rexeitarían tamén a moción, porque a estas alturas o plan de obras municipal xa estaba rematado, non había previsión ao respecto e non había medios para acometelas.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada indicou que a cambio de que o grupo popular introducira outras obras na moción, aceptaba dirixirse á Consellería de Medio Rural para reclamarlle a súa execución.

Houbo de seguido un pequeno debate con **D. Antonio Rodríguez Rodríguez** que a modo de emenda propuxo que se incluía o remate dos sumidoiros no lugar de Beelle parroquia de Catasós, e dirixirse á Consellería do Medio Rural, e ao final achegouse a un acordo.

Sendo as 12,46 horas incorporouse á sesión D. Xosé Crespo Iglesias quedando con once concelleiros o grupo de goberno, con catro o grupo socialista e con tres os membros do grupo nacionalista dun total de dezaioito asistentes.

Sometida a votación ordinaria a moción coas emendas do propio grupo nacionalista e do grupo popular, **APROBOUSE** por **UNANIMIDADE** dos asistentes con base nos seguintes antecedentes:

A finais do ano 2006 o BNG realizou un estudo sobre a situación da rede de sumidoiros de Lalín e as conclusións foron alarmantes ao arrojar datos tan clarificadores como que o 85% dos nosos lugares carecen de sumidoiros, carencia esta, que afecta a máis de 9000 veciños do rural representando esta cifra ao 79% dos habitantes das nosas parroquias. Desde o BNG e o Concello coidamos que son cifras que non se poden permitir a estas alturas. Ao noso entender é fundamental dotar de servizos aos nosos veciños do rural para que teñan as mesmas condicións que o resto dos habitantes do noso Concello. É fundamental frear o abandono que está sufrindo o noso rural, e isto ten que pasar necesariamente, por facer políticas que fagan posible unha mellora da calidade de vida. Para que isto sexa unha realidade, entendemos que ten que existir unha aposta inversora clara e decidida de quen goberna para poder concretar ditas melloras. Ata agora o único que se limitou o goberno foi a destinar para este servizo os cartos que veñen dalgúns Plans Provinciais da Deputación de Pontevedra, dedicándolle nos orzamentos municipais cifras irrisorias todos os anos.

En diferentes ocasións, o BNG presentou distintas iniciativas para que desde o goberno municipal se deixe de facer propaganda con este tema (temos que lembrarnos que no ano 2006, o goberno presentou un Plano de actuación que completaría dita rede en cinco anos, plano este que nunca máis soubemos do mesmo) e se actuara con investimentos nas nosas parroquias para que este servizo tan necesario fose unha realidade.

Un dos moitos casos que estamos a citar é o da parroquia de Moneixas, que hoxe en día conta con máis de catro lugares sen este servizo, e que polas características de poboación, territorio e inicio e funcionamento deste servizo fai poucos anos en algúns lugares da mesma fai que sexa a todas luces necesario completar ditas actuacións.

Xa que logo, **O PLENO ACORDOU:**

Solicitar á Consellería do Medio Rural, Xunta de Galicia para que acometa, dentro dos planos de obras da dita consellería deste ano 2008 as obras necesarias para dotar do servizo de sumidoiros á totalidade dos núcleos de poboación rural da parroquia de Moneixas que carezan do mesmo, así como tamén no lugar de Belelle da parroquia de Catasós no menor tempo posible.

9.2.- MOCIÓN DO BNG RECLAMANDO UNHA SERIE DE MELLORAS E O AMAÑO DO CEMITERIO VELLO DE LALÍN.-

Deuse conta pola Presidencia desta moción do grupo municipal do BNG e data 12-3-2008, entrada municipal do día dezasete do mesmo mes e nº de rexistro 1481. A continuación o Sr. Secretario leu o ditame desfavorable da Comisión Informativa de Obras, Infraestruturas e Servizos Comunitarios do día 24 de marzo de 2008.

Na rolda de intervencións e na defensa da moción polo grupo nacionalista **D.^a Guadalupe Nóvoa Carballude** dixo non entender o que se dixo na Comisión Informativa de que había que esperar ao SUE-3 desenvolvendo a zona para acceder ao solicitado. *¿Que tiña que ver o muro pedido co arranxo do cemiterio?* en primeiro lugar; en segundo lugar salientou que o punto de auga solicitado veu motivado pola petición dun grupo de mulleres que teñen que coller caldeiros con auga e cargando con eles para lavar as sepulturas e nas inmediacións do cemiterio mesmas, percorrendo esa distancia. Entendía ademais que era unha obra que levaba pouco custe, incluído o punto de auga existente está á entrada; e por ultimo eles non pretendían adxudicarse ningunha medalla con este tema, pero si atenderen as demandas veciñais.

Desde as filas socialistas **D.^a Beatriz García Iglesias** amosouse dacordo coa moción e discrepaba cos argumentos do grupo de goberno, no sentido de que había que esperar e aprobar ese plan polo visto para conseguir esas melloras. Afirmou que xa no ano 2007 o seu grupo pediu por medio dun rogo dotar de certas melloras á zona rural, en materia de saneamento, auga e contedores. Agora seguían entendendo que estas mesmas melloras e amaños recollidas na moción había que trasladalas a todas as parroquias e os cemiterios parroquiais de Lalín e contribuír así a mellorar as condicións de vida de calidade de vida dos veciños da poboación que vivía alí. Coidaba que era pouco custe o que elo representaba e podía asumirse.

Desde o grupo popular, **D. Román Rodríguez González** dixo que votaría en contra, pero que elo non significaba que estiveran en contra da idea en debate. Indicou que esperaba que o SUE-3 no prazo dun ou dos meses estea aprobado definitivamente e logo coas obras de urbanización, o muro quedaría dentro do seu ámbito. Polo tanto había que esperar e logo si podía xa quedar dentro. En canto ao grifo que se pedía, coidaba que xa había un dentro do cemiterio; pero non vía moito obstáculos para poñer outro. En canto ás solicitudes do grupo socialista de ampliar esta petición a todos os cemiterios parroquiais dixo que non eran competencia municipal, pero que a pesar disto, en todos os que había traída da auga municipal xa tiñan auga da mesma, e había colocados contedores.

De novo **D.^a Beatriz García Iglesias** salientou que non estaba dacordo con estas verbas e puxo como exemplo o lugar de Bendoiro, onde non había contedores no cemiterio.

Por alusións **D. Román Rodríguez González** afirmou que os contedores estaban na zona de abaixo, porque ata o cemiterio non podían achegarse os camións de recollida de lixo.

De novo **D^a. Guadalupe Nóvoa Carballude** explicou que o seu grupo trasladou estas peticións dos veciños ao Concello, aínda que lle parecía normal que contando cun punto de auga, pediran un segundo pola distancia, e volveu insistir en que o custe do que se reclamaba non era alto e podía asumirse.

Rematou este debate o Sr. Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias**, que indicou que en todos os cemiterios había contedores de lixo ata onde podían entrar os camións de recollida. Despois afirmou que os cemiterios das parroquias eran do bispado e polo tanto non eran competencia municipal, a pesar do que o Concello procurou dotalos de augas da traída, onda había. O ideal para el sería que o Cemiterio vello se clausurase e levalo fora, como sucedía en todas as cidades, poñendo como exemplo a cidade de Lugo. Finalmente indicou que, cando se contrate a urbanización do SUE-3, que esperaba que fora neste ano, contemplaríase o tratamento do muro, quedando entón “*mimetizado*” no entorno, isto é, encasillado dentro do entorno das casas e do propio plan. Por elo estaban en contra da moción, pero non en contra da idea, en base aos motivos expostos e polo estado de tramitación do expediente.

Na moción pedíase instar ó Concelleiro de Obras, para que, previa valoración polos técnicos correspondentes, proceda á reforma parcial ou total do valo perimetral de dito cemiterio; en segundo lugar solicitar dentro das melloras do recinto unha toma de auga detrás da capela para facilitar a limpeza das sepulturas máis afastadas da entrada; e finalmente instalar uns puntos de luz de alumeadado público por ao seu uso nas ocasións que sexa necesario pola asistencia de veciños.

Sometida a votación ordinaria a moción, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: sete (7) dos que catro (4) do PSdeG-PSOE e tres (3) do BNG.

Votos en contra: once (11) do P.P.

Abstencións: ningunha.

En consecuencia **REXEITOUSE** a moción.

9.3.- MOCIÓN DO BNG RECLAMANDO O ACONDICIONAMENTO URBANO DA RÚA DO AREAL.-

Deuse conta pola Presidencia desta moción do grupo municipal do BNG de data 7-3-2008, entrada municipal do mesmo día e nº de rexistro 1313. A continuación o Sr. Secretario leu o ditame desfavorable da Comisión Informativa de Obras, Infraestrutura e Servizos Comunitarios do día 24 de marzo de 2008.

Desde o grupo nacionalista, **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** indicou que era un agravio total o estado e situación actual desta rúa. Era una promesa do ano 2007 nun acto electoral do Sr. Alcalde que esta obra sería a primeira en arranxar. En total o tramo afectado eran uns oitocentos metros cadrados desde a fonte dos Cabalos ata a rotonda de Eroski. Na rúa podíase actuar e melloralas; pero sucedía o contrario que non se actuaba, cando había outras onde se actuaba e non se perdía un segundo,. Era cuestión de vontade pois. Esta zona era importante para Lalín, contaba con oficinas, con talleres e con baixos comerciais, situada preto das zonas deportivas e escolares, estaba en dirección ao Centro Comercial Eroski.

As actuacións que se pedían eran basicamente e en primeiro lugar completar a urbanización da zona e o Concello podía facer o que se reclamaba. O feito de que a día e hoxe non haxa nada conseguido, amosaba o interese municipal por esta rúa. Escudábase o goberno en que a estrada non era municipal, senón doutra entidade; en segundo lugar pedíase mellorar o estado das beirarrúas que era lamentable; en terceiro lugar podíase mellorar o alumeadado público había que melloralo; e en cuarto lugar a velocidade podía controlarse.

A verdade era que a pesar de todo, si que se podían facer cousas. Por exemplo: a Policía Local podía actuar nesta zona, regulando o tráfico e controlando a velocidade dos vehículos, e o Concello tamén podía instalar pasos de peóns.

Había outras actuacións que non se podían realizar para outros fins sen contar coa autorización, por exemplo para poñer pasos elevados. Vostede sabe que se actúa desde a oposición, cando o goberno municipal non o fai. Os veciños piden catro cousas, e teñen toda a razón do mundo. O BNG reconece a elevada densidade de poboación e de tráfico peonil e de vehículos e por iso presenta estas obras e actuacións a realizar.

Desde o grupo socialista **D. Manuel María González Aller** dixo estar de acordo coa moción. Afirmou que detrás destas peticións estaban os veciños aos que había que apoiar. Esta rúa do Areal e a Avenida Buenos Aires estaban practicamente abandonadas polo grupo de goberno. O grupo de goberno en vez de facer cousas, daba excusas para non facelas porque non había cartos.

Tamén noutras rúas como a de Xoaquín Loriga podíanse facer obras, porque o Ministerio de Fomento accedía a realizalas cando había unha alternativa para recoller o tráfico existente nas mesmas. Na rúa da moción había alternativa.

Coidaba que todo se debía a que non había nin hai realmente vontade municipal de facer cousas e non había cartos. O Concello pediu ceder os sistemas xerais SG-V2 e SG-V5 desde Eroski a Feás ao Ministerio, e a cambio collería o tramo da rúa Areal, pero este plantexamento non o quixo noutros casos, ¿por qué?

A vontade municipal non existía, e coidaba que esta rúa estaba abandonada, habendo un aumento demográfico importante, con edificios grandes e cun importante tráfico rodado e peonil . En suma estaban dacordo cos veciños e apoiaban a moción.

Desde a Presidencia **D. Xosé Crespo Iglesias** dixo que o BNG era demagogo coa moción e coas súas verbas. Admitiu que o P.P. comprometeuse na campaña electoral, cunha promesa clara sobre esta rúa, pero topouse con "**D. Ángel del Río**" que non aceptaba facer algunhas cousas nestas estradas, por exemplo, rotondas.

A cesión xa estaba pedida, pero comprendía desde o Polígono Industrial Lalin 2000, pasaba pola rúa Principal, Avda. Buenos Aires ata A Cabreira (Catasós). Preguntou: ¿por qué non se cede xa ao Concello ata Catasós?, reiterou.

Desde o polígono, xa estaba pedida a cesión, e a verdade era que a día de hoxe non estaba concedida, ignorando as razóns. Dixo que mantivo tres ou catro reunións con **D. Ángel del Río**, e manifestoulle que este asunto estaría resolto en seis meses e non é verdade.

Sacaron unha Orde para regular as cesións aos Concellos de tramos destas vías. Lalin xa o pediu antes; pero hoxe estaban sen resolver a petición anterior. De palabra dito responsable do Ministerio dixo que si, pero hoxe estaban sen solucionar. E logo, engadiu, tamén pedín desde a Fonte dos Cabalos ata a rotonda de Eroski; daquela dixéronme que si, que cando estivera o tramo da circunvalación "SG-V2" e "SG-V5" rematado, cederían ao Concello este tramo. Pero tamén faltaba o paso elevado na CN-525. O Ministerio de Fomento dixo que non, e por iso estaba parado a IVª Fase do Polígono Lalin 2000.

En suma a moción era un canto á demagogia. Asumía que se urbanizara a rúa Areal o antes posible, pero antes tería que cederse ao Concello esta rúa do tramo actual da estrada N-640. *¿Por que non se cede, non se resolve e non se contesta o Ministerio?* preguntou. Se o cederan, o proxecto de obra sería cousa nosa, e estaríamos diante dunha obriga municipal máis, porque se o Ministerio nos cede ese tramo, ademais daríanos un importe económico por quilómetro para o seu mantemento.

En suma, se cederan, non teríamos problema, afirmou. Tamén faríase tamén a IVª Fase do Polígono Lalín 2000, dende a rotonda dos Cabalos ata o lugar do Hotel Camiño de Santiago. Pero díxose que unha ponte nese lugar non podía ser; a cambio ofertaron construír un paso subterráneo para dita estrada, algo que custaría uns tres millóns de euros. Con este custe Xestur Pontevedra S.A. non o asumía esta fase de ampliación do polígono, dado o elevado importe que representaba en toda a actuación co conseguinte incremento do prezo da urbanización.

Houbo de seguido un debate entre o **Sr. Alcalde** e o edil socialista **D. Francisco Pérez Donsión**, no que este último dicía non entender as razóns para excluír unha ponte da CN-525 á altura do Hotel Camiño de Santiago. **O Sr. Alcalde** reiterou o xa dito, de enterrar dita estrada e da negativa de Xestur Pontevedra S.A. de asumir esta obra diante do elevado custe que esta obra supuña, aínda que a construción da ponte sería a vía ideal.

A continuación dirixíndose ao voceiro nacionalista, **D. Xosé Crespo Iglesias** dixo que con tempo foi unha promesa electoral, que o Ministerio de Fomento non cumpriu porque se dixo que en seis meses habería resposta e hoxe que vai un ano e medio sen contestación. Se antes non hai cesión, non haberá urbanización nesta zona. Por último, dirixíndose o Sr. voceiro socialista e membros do grupo pedíulles que non bloqueen ao goberno municipal, que non poñan tachuelas no seu camiño e que non impidan as actuacións municipais.

Finalmente, **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** reiterou o xa dito: que o Sr. Alcalde no ano 2007 comprometeuse a levar a cabo esta obra no ano 2008, pro que non ví a vontade de cumprila por ningún lado.

Na moción pedíase xestionar ante o Ministerio de Fomento a cesión ao Concello da titularidade da rúa e que o Concelleiro Delegado de Obras e Servizos proceda á constatación e á verificación de todas e cada unha as deficiencias sinaladas na parte dispositiva da moción e na súa consecuencia, dispor o proxecto necesario de acondicionamento, realizando os amaños e as obras oportunas para tal obxectivo.

Sometida a votación ordinaria a moción a man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: sete (7), sendo catro (4) do PSdeG-PSOE e tres (3) do BNG.

Votos en contra: once (11) do P.P.

Abstencións: ningunha.

En consecuencia **REXEITOUSE** a moción.

9.4.- MOCIÓN DO GRUPO NACIONALISTA PARA A CREACIÓN DUNHA LUDOTECA MUNICIPAL.-

Deuse conta pola Presidencia desta moción do grupo municipal do BNG de 1 de marzo de 2008, entrada municipal do día sete e nº de rexistro 1314. A continuación o Sr. Secretario

leu o ditame desfavorable da Comisión Informativa de Mocidade e Deportes do día 24 de marzo de 2008.

Na rolda de voceiros, **D^a. Susana Rodríguez Cambón**, do grupo nacionalista e propoñente da moción, afirmou inicialmente que non se ía cambiar o texto. Despois, indicou que os pequenos necesitaban un lugar para o esparcemento, algo que era un dereito e unha correlativa obriga dos poderes públicos de buscar espazos para xogar e para lecer. Coidaba que seguramente o grupo de goberno rexeitará a moción e diría que non hai cartos, pero esperaba que saíra adiante a iniciativa e que os nenos non teñan que acudir ao centro comercial para xogar e para lecer.

Desde o grupo socialista, **D^a. Beatriz García Iglesias** indicou que lle parecía ben calquera proxecto que fora socializador dos nenos. Coidaba tamén que como resposta diríase que non había cartos, pero a idea era positiva. Eles como grupo e a modo de emenda ou de proposta propoñían que se utilizaran todos os recursos existentes e axeitados a esta idea na Casa da Xuventude, a cal estaba infrautilizada, empregando os espazos e os locais como os de ensaio e os baixos que estaban actualmente en desuso ou mal utilizados para este fin, aínda que houbera algunha limitación como podía suceder coas colchonetas.

Pero non se vía do mesmo xeito polo grupo de goberno. **D. Nicolás Varela García** contestoulle dicindo que a Casa de Xuventude xa hai actividades. Dixo que se solicitara á Dirección Xeral de Xuventude permiso para utilizar ou as chaves do ascensor ou elevador os fins de semana, porque non o poden utilizar e non tivo resposta, salientou.

Houbo unha aclaración sobre este tema con **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** ao respecto.

Seguiu falando **D. Nicolás Varela García**. Discrepaba sobre os recursos existentes, á espera deste novo edificio do Concello. De seguido citou as actuacións que el coidaba que tiñan relación coa moción.

Así a Casa da Xuventude estíbese a utilizar para algunhas actividades do Concello, enumerándoas de seguido. Así no mes de xullo houbo cursos para nenos de 7 anos con 80 alumnos; tamén houbo un total de 123 participantes nos campamentos urbanos; houbo cabalgata de reis, foros interculturais, un programa de apoio ás familias cun total de 161 participantes, unha escola municipal de teatro con 45 alumnos, sete cursos e actividades cun total de 168 participantes; actualmente hai como promedio uns 50 usuarios xóvenes cada fin de semana; emprégase como Espazo Infantil Aberto de servizos sociais que levaba xa funcionando nove meses coa finalidade e favorecer e apoiar a conciliación da vida laboral e familiar dos pais e para nenos de 3-12 anos; houbo e hai actividades de apoio escolar, como o uso da biblioteca, de lectura e de contactos con 20 prazas; un total de 72 menores e 53 familias pasaron polo programa “Covilaes” destinado a familias empregadas; finalmente houbo para nenos de 3 a 12 anos un curso de apoio escolar persoal especializado, gratuíto, cun total de 24 alumnos.

Contestou a nacionalista **D^a. Susana Rodríguez Cambón** salientando que lle parecía que o edil antes interveniente non entendía ben o que era a ludoteca, porque todo o que dixo non se refería á moción en debate. Insistiu en que os rapaces tiñan que ter un local para acudir e xogar, sen necesidade de ter que ir a un centro comercial e facerlle negocio ao

mesmo: engadiu que había xa unha ludoteca en Rodeiro e noutros Concellos, e era perfectamente posible tela aquí.

Tamén **D^a. Beatriz García Iglesias** engadiu que non correspondía a intervención do edil delegado co tema que se trataba e sobre todo co que se pedía na moción.

O Sr. Alcalde, **D. Xosé Crespo Iglesias** salientou que parecía que se quería dar a entender que non se facían cousas desde o Concello. Pero isto era o contrario ao que sucedía; *“aquí facemos coma outros concellos”*, afirmou.

Podíase ampliar unha Aula da Casa da Xuventude, que como a actual estaba aberta nos fins de semana. Para elo podíase asinar un convenio coa Consellería da Vicepresidencia. Primeiro remitiríamos o acordo, logo asinaríase o convenio e con elo usaríanse por exemplo varias salas coma a de ensaios e empregaríase persoal suplementario. Propuxo pois como moción ou como emenda isto, a pesar de que a voceira nacionalista anunciou inicialmente que non habería transacción algunha sobre a mesma: *“que mediante un convenio coa Vicepresidencia se habiliten espazos na Casa da Xuventude para salas de xogo e outros de lecer que sirvan a esa finalidade de ludoteca”*.

De novo, **D^a Beatriz García Iglesias** dixo que a solución non pasaba por poñerlle parches á casa da Xuventude, senón que cumpría que a Casa da Xuventude fose remodelada e instalar alí outros servizos, por exemplo a biblioteca, trasladándoa dende o lugar onde actualmente se empraza esta dependencia e que agora estaba sen aproveitar. Con elo sacaríase moitas mais rendibilidade a este edificio do que hoxe se obtiña.

Rematou o debate **D. Xosé Crespo Iglesias** para indicar que a biblioteca iría a outro lugar nun futuro, que tiña ideas, pero que non as podía adiantar. A idea de que a Casa da Xuventude fose remodelada non era unha idea nova, senón antiga; pero coidaba que non se aceptaría esta proposta polos responsables autonómicos.

Na moción se propoñía a construción e a dotación dun amplo equipamento duna Ludoteca Pública Municipal, previo estudo dunha ubicación axeitada no casco urbano, en solo municipal, e xestionada polo propio Concello.

Sometida a votación ordinaria a moción a man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: sete (7) dos que catro (4) foron do PSdeG-PSOE e tres (3) do BNG

Votos en contra: once (11) do P.P.

Abstencións: ningunha.

En consecuencia **REXEITOUSE** a moción.

10.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Presentados por escrito:

10.1.- PSdeG-PSOE.-

D^a. Marta Lázara Fontao.-

ROGO.- Que se recollan os sobres e papeletas sobrantes en cada unha das mesas de votación e se depositen nos contenedores de papel, contribuíndo así a preservar algo máis os nosos recursos naturais.

O Sr. Presidente quedou enterado.

D. Manuel González Aller e D^a. Beatríz García Iglesias.-

ROGO.- Que se proceda a reclamar do Organismo encargado do mantemento da ponte do Polígono Lalín 2000, o arranxo inmediato dos petris e do chapado de dita ponte, por mor dos desprendementos que se están producindo, e que poden por en perigo a seguridade viria da N-525.

O Sr. Presidente quedou enterado.

De forma oral:

D. Manuel María González Aller.-

PREGUNTA.- ¿Por qué estivo tanto tempo sen luz a zona do Rodó estes días pasados?

O Sr. Presidente dixo que respondería por escrito.

ROGO.- Que se solucione e se dote de alumeadado público a dita zona.

O Sr. Presidente quedou enterado.

PREGUNTA.- ¿Que ten que ver poñer un punto de auga no Cemiterio Vello a que se aprobe e se tramite un plan de urbanismo, en concreto o que se falou do SUE-3?

En resposta, o Sr. Alcalde afirmou que non se ía tocar o muro porque estaba dentro do SUE-3 que como dixo antes se aprobaría probablemente agora a finais de ano, no mes de novembro ou de decembro. Coas obras de urbanización deste plan abordaríase o tema do muro do cemiterio vello, que da á circunvalación.

ROGO.- Sendo así, que para primeiros de novembro (*Día de todos os Difuntos*) se procure que estea rematado e en boas condicións.

O Sr. Presidente quedou enterado.

D^a. Marta Lázara Fontao.-

PREGUNTA.- ¿De quen é competencia a limpeza das rúas de Lalín? Oferta catro solucións posibles.

- a) Do goberno municipal.
- b) Dos barrendeiros.
- c) Dos veciños e das veciñas de Lalín.
- d) De ningún deles.

Responde o Sr. Alcalde despois de indicar que isto parece un concurso de televisión: é unha competencia do goberno municipal, que ten contratado este servizo cunha empresa. En consecuencia si é do goberno e tamén dos barrendeiros. Coidaba que a empresa non cumpría o acordado en varios aspectos do contrato, sobre todo na zona rural; na área urbana a limpeza vai mellor. De todos os xeitos non excluía esixirle á empresa o cumprimento de todo o acordado e mesmo incoar un expediente sancionador se fora preciso para elo.

PREGUNTA.- ¿O edificio que se está a construír na zona do Regueiriño de vivendas para xóvenes, cumpre o granito empregado na súas fachadas coas normas específicas desta zona?

Resposta o Sr. Alcalde, D. Xosé Crespo Iglesias afirmativamente. Sinala a maiores que hai dous filtros que todas as obras deben pasar: un, coa licenza de obras municipal; e outro coa licenza de primeira ocupación.

D. Román Rodríguez González engade que hai un terceiro filtro da Xunta de Galicia, para outorgar as cualificacións correspondentes.

10.2.- BNG.-

Presentadas de forma oral:

Dª. Susana Rodríguez Cambón.-

1.- PREGUNTA.- ¿O Plan vixente de Ordenación municipal é do ano 1999?

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

2.- PREGUNTA.- ¿A licenza concedida ao local coñecido como *Discoteca Planet* é do ano 2002 ?.

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

3.- PREGUNTA.- ¿O PXOM é lei?.

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

4.- PREGUNTA.- ¿É de aplicación neste caso a regra do Sr.Alcalde de: "o que é medible non é opinable"?

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

5.- PREGUNTA.- ¿Sabe o grupo de goberno o que supón ditar a sabendas unha resolución administrativa inxusta?

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

6.- PREGUNTA.- ¿Sabe o grupo de goberno o que lle pasou ao Sr. Alcalde de Dozón?

D. Xosé Crespo Iglesias dí textualmente: “o que faltaba”; por si houbera poucos temas aquí, sería o colmo que ademais tiveramos que saber o que pasa noutros Concellos”.

D. Fco. Xavier Vilariño Taboada.

1ª.- PREGUNTA.- ¿Que pasa co Plano de Tráfico?, ¿por que non se saca adiante para evitar con elo algún posible atropello que vai suceder nalgunha vía pública de Lalín?

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

2º.- PREGUNTA.- ¿Por qué están paradas as obras do Concello?

D. Xosé Crespo Iglesias responde indicando que “non están paradas as obras formalmente, porque non hai ningunha comunicación oficial por parte da empresa, nin dos directores de obras, que son os que deben comunicar este feito; pero “doutra banda todos sabemos o que pasaba coa empresa Proinsa nestes intres”, afirmou.

Dª. Guadalupe Nóvoa Carballude.-

ROGO.- Pide que tendo en conta que as veces os contedores de papeis e cartóns estean cheos e non se recollen, que se amplie a recollida para evitar esta situación e aumentar así o volume recollida, ao mesmo tempo que se evitaría que o cartón e papel vaia aos contedores ordinarios de lixo.

D. Xosé Crespo Iglesias e tamén D. Manuel Gómez Estévez indicaron que a recollida era case diaria, case; o resto dependía das zonas a recoller, pero lóxicamente había máis recollida nas zonas urbanas que nas rurais. Estudarase o tema.

E non habendo outros asuntos que trataren, sendo as catorce horas e sete minutos do día ao comezo indicado, no mesmo lugar onde empezou a sesión, polo Sr. Presidente levantouse a mesma. De todo isto pola miña condición de Secretario e fedatario dou fé.